

# BASES

## “IMAXIÑA” 2012

Este concurso busca aflorar as inquietudes culturais dos estudantes da Mariña Lucense. Preténdese introducir aos mariñaos no ámbito audiovisual. Ofrecerlles a oportunidade de expresar o que senten pola súa terra a través dun medio novo para eles; algo paradóxico tendo en conta que vivimos na era da imaxe.

### DATAS DE INTERESE

O venres 9 de novembro realizarase a presentación no IES Monte Castelo de Burela.

O 21 de decembro é a data límite de presentación de fotografías e vídeos para o concurso (ata as 00.00 horas).

O 28 de decembro realizarase a entrega de premios e a inauguración da exposición.

### PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas que estean cursando estudos de formación (ESO, ESA, bacharelato, ciclos formativos...) durante o ano académico 2012-13 nos institutos Monte Castelo (Burela), Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo), Marqués de Sargadelos (San Cibrao) e Vilar Ponte (Viveiro).

Temática: A Mariña

Dúas categorías:

-Fotografía: podendo entregar un máximo de 3.

-Vídeo: como máximo 2 minutos de duración.

### REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

#### a. Admisión de obras

Os traballos deben mandarse a través do servidor [www.wetransfer.com](http://www.wetransfer.com) ao correo electrónico: [festivalimaxina2012@gmail.com](mailto:festivalimaxina2012@gmail.com)

Na mensaxe de envío deberán figurar nome e apelidos do concursante, DNI, centro e curso, teléfono de contacto e correo electrónico de contacto.

Os traballos, que poderán ser individuais ou grupais, deben ser inéditos e orixinais. Non se admitirá ningún traballo cuxos dereitos de propiedade intelectual non pertencen integramente e sen excepción ao propio participante do concurso.

Para os traballos nos que aparezan persoas recoñecibles, os concursantes deberán ter a súa autorización. A organización resérvase o dereito a pedir unha carta asinada polas devanditas persoas, autorizando o uso da súa imaxe, que o participante deberá presentar no caso de ser seleccionada a súa obra.

# BASES

## “IMAXIÑA” 2012

A organización resérvase o dereito de descartar e excluír do concurso os traballos presentados nos seguintes casos:

§ Cando non se adapten á temática do concurso

§ Cando non reúnan un mínimo de requisitos de calidade artística, a xuízo da organización

§ Cando puideran resultar de mal gusto ou ofensivos polo seu contido, a xuízo da organización

§ Cando non alcancen o mínimo establecido nos requisitos técnicos

### **b. Requisitos técnicos**

As obras presentadas deberán ter calidade suficiente para ser reproducidas e difundidas. Os traballos deberán axustarse aos seguintes requisitos técnicos:

Fotografías: JPEG, con resolución mínima de 200 ppi

Peso máximo dos traballos: 5 Mb

### **PREMIOS**

O premio, nas dúas categorías, será unha cámara capaz de gravar e facer fotografías.

O xurado estará composto por membros da Fundación Imdecum e da produtora audiovisual A Caixa Escura.

### **Os criterios de selección serán:**

- A transmisión dun concepto claro
- A orixinalidade
- A técnica: composición, luz e encadramento

### **RESOLUCIÓN DOS PREMIOS**

Unha vez seleccionado o gañador de cada categoría, os beneficiados serán informados a través do número de teléfono facilitado e correo electrónico, así como do centro de ensino do que forman parte. Neste momento, a FUNDACIÓN informará os gañadores do lugar, data e hora no que se lles fará entrega do premio. Un día despois, a organización fará público o nome dos gañadores de Imaxiña 2012 a través do facebook da entidade.

No caso de que o gañador do concurso non fora localizado nos 2 días naturais seguintes á resolución do xurado, este decidirá se declara deserto o premio ou se selecciona unha nova obra.

En calquera momento, o xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

### **DEREITOS DE AUTORÍA**

Os organizadores do concurso resérvase o dereito de expoñer as fotografías e vídeos, pero recoñeceranse os dereitos de autoría a cada participante.

Os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, exposición, comunicación pública,

# BASES

## “IMAXIÑA” 2012

divulgación e reprodución de todos os traballos presentados ao concurso quedarán cedidos á Fundación Imdecum, co obxecto de que esta os poida reproducir e comunicar pública, gratuitamente e con identificación dos seus autores se o considerase preciso.

### PROTECCIÓN DE DATOS

[Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal]

Os participantes no presente concurso aceptan e dan o seu consentimento para que os datos persoais esixidos para a inscrición no concurso sexan incorporados a un ficheiro automatizado titularidade da Fundación Imdecum e tratados coa finalidade de desenvolver o concurso. A entrega dos datos persoais esixidos para a inscrición no concurso é obrigatoria para poder levala a cabo. De igual modo, a Fundación Imdecum adoptou os niveis de seguridade de protección dos Datos Persoais requiridos, e procura instalar aqueles outros medios e medidas técnicas adicionais ao seu alcance para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos Datos Persoais facilitados polos participantes do concurso.

O usuario participante garante que os Datos Persoais facilitados á Fundación Imdecum con motivo da presente promoción son veraces e faise responsable de comunicar a estas calquera modificación.

A Fundación queda expresamente autorizada a utilizar tales datos para finalidades de comunicación e promocionais sobre as súas actividades, autorizando expresamente os concursantes á Fundación para o envío de comunicacións sobre as súas actividades e promocións, incluídas as comunicacións electrónicas.

Os concursantes teñen recoñecidos e poderán exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, contactando por escrito coa Fundación Imdecum a través do correo electrónico [contacto@fundacionimdecum.org](mailto:contacto@fundacionimdecum.org)

### ACEPTACIÓN TÁCITA DAS BASES

A simple participación neste concurso supón a aceptación destas bases na súa totalidade.

A Fundación Imdecum resérvase o dereito de modificar as condicións do presente concurso en calquera momento, e incluso de anulalo ou deixalo sen efecto, sempre que conorra causa xustificada para iso. En todo caso, comprométese a comunicar por esta mesma vía as bases modificadas ou, no seu caso, a anulación do concurso no seu conxunto, de forma que todos os participantes teñan acceso á devandita información.

As bases estarán dispoñibles na dirección dos centros participantes para calquera persoa que queira consualas.